

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15033101	CEIP Plurilingüe de Outes	Outes	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	3º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tendo en conta todo o anteriormente descrito, cómpre coñecer a realidade educativa do CEIP Plurilingüe de Outes, en xeral, e do 3º curso de educación primaria, en particular.

Por unha banda, o CEIP Plurilingüe de Outes é un centro de Educación Infantil e Primaria, situado á beira do río Tins, na capital do concello de Outes, concretamente na rúa Praza de Galicia. O concello de Outes sitúase no fondo da Ría de Muros e Noia, ten unha extensión de 100km² e alberga unha poboación de 6.108 habitantes (segundo o padrón de habitantes de 2022, INE), agrupando dez parroquias. As principais actividades económicas do concello son a agricultura, a gandaría, a pesca e o marisqueo; así como o comercio e a industria madeireira.

O centro está adscrito ao IES Poeta Añón, situado tamén no Concello de Outes e conta con xornada continua, en horario de 9.50h a 14.50h; así como cos servizos complementarios de comedor e transporte escolar e con actividades extraescolares organizadas pola ANPA.

A el asiste alumnado das diferentes parroquias que conforman o Concello, así como doutros concellos

limítrofes, ata chegar a un total de 252 alumnos e alumnas; que teñen o galego como lingua materna, a súa maioría. Así, atendendo ás características do noso centro, favorecerase unha boa competencia do alumnado na súa lingua materna, así como en castelán e inglés na porcentaxe que determina a lexislación vixente.

Por outra banda, no que respecta ao 3º curso de educación primaria, o CEIP Plurilingüe de Outes posúe dúas liñas neste nivel. En 3ª A hai 7 nenos e 7 nenas e en 3ªB 5 nenos e 10 nenas facendo un total de 29 estudantes neste nivel. seguindo a Piaget, se atopan no período de operacións concretas, realizándose grandes cambios a nivel cognitivo, motriz e socio-afectivo; que se deben ter conta, ademais das características individuais de cada estudante.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Mulleres do pasado, presente e futuro	Determinaranse as mulleres escollidas en cada unha das áreas.	20	10	X		
2	Investigamos?	Cada grupo busca e recompila información sobre as mulleres elixidas.	40	15		X	
3	Historiadores de vida	Exposición e presentación do produto final.	40	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Mulleres do pasado, presente e futuro	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das mulleres escollidas.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Investigamos?	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Historiadores de vida	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a o proxecto.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co disposto no Decreto 155/2022, a metodoloxía didáctica será comunicativa, inclusiva, activa e participativa, prestará atención ao desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas contextualizados na vida cotiá, fomentarse o traballo colaborativo e potenciarase a aprendizaxe significativa. Tendo en conta isto, o proceso de ensino-aprendizaxe estará guiado polas seguintes concrecións metodolóxicas:

- O equipo de ciclo, compartindo e realizando reflexións conxuntas e acordando aspectos metodolóxicos que respondan ás necesidades e intereses de cada estudante.
- O profesorado terá un rol de mediador, de guía. Seleccionará as situacións de aprendizaxe adecuadas, que esperten o interese do alumnado, planificando tempos, espazos, agrupamentos e escollendo recursos dixitais e non dixitais variados e diversos que lle permitan ao alumnado explorar e investigar, que fomenten a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, o enfrontamento dos retos sen ansiedade e que ofrezan novas oportunidades de aprendizaxe. Será un profesorado promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumnado, atendendo á diversidade e personalizando os procesos de construción de aprendizaxe. Realizaranse proxectos significativos para o alumnado, conectados cos seus intereses e motivacións, así como coa contorna; usando diferentes estratexias e respectando os ritmos de aprendizaxe, partindo dos seus

coñecementos previos, reforzando a autoestima, a autonomía, a curiosidade, a motivación e a responsabilidade sobre as propias aprendizaxes.

- Teranse en conta principios de normalización e inclusión poñendo especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo como a secuenciación de contidos, a adaptación de tempos ou outros cambios na metodoloxía tan pronto como se detecten estas dificultades. Potenciarase a inclusión e darase resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Así, o deseño de actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado, axudará a desenvolver unha atención individualizada.

- Propoñeranse actividades de traballo individual e en equipo, cooperativo, que posibiliten a resolución conxunta e colaborativa das tarefas e favorezan a participación do alumnado, facéndoo protagonista das súas aprendizaxes. As propostas en equipo brindan a oportunidade de fomentar a comunicación oral, o diálogo e a interacción social e contribuirán a desenvolver a competencia para participar, analizar e reorganizar ideas, fomentar o respecto por outros puntos de vista, recoñecer o propios valores, adaptarse as necesidades colectivas, asumir responsabilidades, respectar as normas acordadas e desenvolver a solidariedade.

- Fomentarse a aprendizaxe de estratexias de comprensión lectora e a expresión oral e escrita; así como o emprego de recursos dixitais, co obxectivo de contribuír á alfabetización mediática e informacional, empregando destrezas e habilidades para a procura e selección de información, a organización da mesma e a presentación do traballo elaborado a través do uso das TIC.

• As actividades que se propoñan deben ir dirixidas a reforzar os aspectos transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e o desenvolvemento das competencias necesarias, polo que as sesións semanais desta área inclúense dentro das horas semanais nas que se desenvolverá o traballo en ambientes de aprendizaxe, nos que alumnado estará un total de 8 horas semanais, xunto con todos os compañeiros/as de ciclo. Nestas horas, que se desenvolverán de luns a xoves despois da Hora de ler ata o final da xornada lectiva, o alumnado poderá acudir de maneira libre aos ambientes propostos e escoller a tarefa que vai realizar e o tempo de dedicación á mesma. Os ambientes de aprendizaxe preparados están relacionados coas seguintes áreas do currículo: Matemáticas, Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Naturais e Arts. En cada un deses espazos educativos establécense situacións de aprendizaxe diversas: proxectos de investigación, resolución de problemas, método científico, co emprego de materiais concretos e manipulativos, a través dos cales o alumnado poderá, ben individualmente ou en pequeno grupo, traballar diferentes contidos. Isto favorecerá a motivación do alumnado, a responsabilidade e compromiso propio de cada estudante coa súa aprendizaxe, a autonomía, autoavaliación, a xestión emocional ante a frustración e a atención á diversidade.

- A avaliación deberá formar parte dos procesos de aprendizaxe e ensino, será reguladora e autorreguladora da aprendizaxe e atenderá á diversidade, variando situacións, instrumentos e procedementos de avaliación cando corresponda. A súa finalidade é mellorar os procesos tanto de ensino como de aprendizaxe. Os resultados da avaliación proporcionarán información que poida ser utilizada para tomar decisións sobre axustar, revisar ou modificar os elementos que inciden no proceso de ensino e aprendizaxe (o tempo dedicado ás diferentes tarefas,

os espazos e recursos que se empregan, a adecuación das actividades e estratexias propostas, a atención á diversidade da aula, as situacións de aprendizaxe propostas...) e información sobre o desenvolvemento da capacidade do alumnado para actuar en situacións diversas; poñendo en funcionamento coñecementos, habilidades, destrezas, valores e actitudes. A valoración dos logros do alumnado chegaralle ao profesorado datos para reflexionar sobre a súa práctica docente e o impacto que tivo na aprendizaxe do alumnado, de forma que poida introducir os cambios e axustes que cumpran para que se produza unha intervención axustada ás características do alumnado, unha aprendizaxe significativa e unha contribución adecuada ao desenvolvemento das competencias.

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Mulleres do pasado, presente e futuro"

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir as personaxes femininas sobre a materia de relevancia en cada un dos ámbitos e disciplinas de coñecemento.

Cada grupo cooperativo terá asignado un determinado tema:

- Mulleres científicas
- Mulleres escritoras
- Mulleres deportistas
- Mulleres políticas
- Mulleres artistas

...

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos

e materiais que se van empregar.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos, terán que buscar toda a información recollida das distintas mulleres escollidas na correspondente categoría.

- Hemerotecas (consultas de xornais, revistas)
- Libros e outro material libre
- Buscas na web

...

Nesta etapa, recollerán todo o material atopado e comezarán a elaboración do produto final (formato libre). Album de cromos, revistas, exposición en murais, carnés de identidade con QR, presentación dixital, cartolinas...

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará por grupos, o produto final.

Terán liberdade no emprego de materiais e modelos, dándolle a máxima difusión. O proxecto poderá ser difundido nunha exposición nos corredores do colexio e farase un acto especial o Día Internacional da Muller.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (relevancia histórica, biografías...)
- Educación en Valores Cívicos e Éticos (comportamento social, respecto á cultura propia...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do proxecto)

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno de aula
Ordenador (aula de informática)
Cartolinas, pegamento, tesoiras...

O espazo habitual no que se desenvolverá o Proxecto Competencial serán os distintos ambientes os cales están equipados cunha diversidade de materiais : funxionables, tecnolóxicos didácticos, libros de consulta...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	40	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación do caderno onde se amosan as distintas personaxes seleccionadas.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do caderno ou doutro material onde se recolla a información buscada (vídeos, webs...)
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto. (Formato libre). Cartolinas, posters, revistas...

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere de adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza, grao de implicación ...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

6. Medidas de atención á diversidade

Segundo o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación; e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que se adoptan para adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Polo tanto, a atención á diversidade será un dos principios fundamentais que se terán en conta nas decisións pedagóxicas e organizativas que se adoptarán dende a aula. Así pois, atenderase á diversidade do alumnado, seguindo os principios de inclusión, igualdade e normalización. Para facer realidade estes principios na práctica educativa adoptaranse as seguintes actuacións dende 02/10/2023 21:22:39 Páxina 484 de 495 o grupo-aula: - Realización da avaliación inicial do alumnado nas primeiras semanas do curso, para detectar posibles necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe e valorar os coñecementos previos do alumnado. - Coordinación continua do profesorado que imparte docencia ao grupo e coordinación coas familias do alumnado para intercambiar información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe e a implantación de medidas de atención á diversidade necesarias.

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da Lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Difusión informativa do proxecto.	X	X	X
Exposición e presentación _ Día Internacional da Muller (8M)	Exposición do proxecto para todo o ciclo	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados